

Mércores, 10 de xaneiro de 2024

Núm. 7

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Persoal, oposicións

APROBACIÓN RESULTADOS DEFINITIVOS E NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO

ANUNCIO

CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA VARIAS PRAZAS EN BASE AO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021

Mediante Resolución de alcaldía nº 2023-0819 de 29 de decembro de 2023, o Concello de Meis resolveu o seguinte:

“Por Decreto da Alcaldía 2022-0213, de data 27 de maio de 2022, aprobouse a oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización de emprego temporal de longa duración, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Dita oferta excepcional de Emprego Público, aprobada por Decreto da alcaldía 2022-0213, foi publicada no BOPPO nº 103 e no DOG nº 116.

Por Decreto de Alcaldía 2022-0665, do 15 de decembro de 2022, aprobáronse as bases xerais e específicas polas que se rexen os procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización do emprego temporal de longa duración.

As bases publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA de data 27/12/2022 e no BOE de data 18/01/2023.

Rematado o proceso selectivo, os Tribunais cualificadores emitiron proposta de aprobación dos resultados provisionais, de conformidade coa Base 8ª das Bases Xerais pola que se rexen os procesos selectivos, dispoñendo a súa publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica deste Concello, indicando que as persoas aspirantes poderían presentar reclamacións ante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación.



Mércores, 10 de xaneiro de 2024

Núm. 7

As prazas cualificadas e publicadas son:

CATEGORÍA LABORAL	GRUPO DE CLASIFICACIÓN	VACANTES
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1
INFORMADOR/A XUVENIL TÉCNICO/A DE CULTURA	II	1
MONITOR/A DEPORTIVO/A	III	1
OPERARIO/A DE LIMPEZA	V	1
OPERARIOS DE SERVIZOS VARIOS	V	2
TÉCNICO/A SOCIOCULTURAL	III	1

Visto que non houbo ningunha reclamación por parte das persoas aspirantes, as puntuacións acordadas polo Tribunais cualificadores elévanse a definitivas.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os artigos 21.1.h) e 102.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 136 do RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 41.14 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a estabilización de emprego temporal de longa duración, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDO.— Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación como persoal laboral fixo aos seguintes candidatos/as en cada unha das prazas convocadas:

PRAZA	GRUPO	NOME E APELIDOS	DNI
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	Rosa Ana Sanz Beloso	***3481**
INFORMADOR/A XUVENIL TÉCNICO/A DE CULTURA	II	Mª de los Ángeles Fuentes Maquieira	***7105**
MONITOR/A DEPORTIVO/A	III	Marina Reboredo Reboredo	***6876**
OPERARIO/A DE LIMPEZA	V	Berta Lombardía Gómez	***3701**
OPERARIOS DE SERVIZOS VARIOS	V	Arturo Escudeiro Ares	***3388**
		Rodrigo Vázquez Parada	***7231**
TÉCNICO/A SOCIOCULTURAL	III	Elena Barros Casal	***3079**

TERCEIRO.— Contratar como persoal laboral fixo do Concello de Meis ás persoas relacionadas anteriormente, con efectos 1 de xaneiro de 2024, para ocupar os postos de traballo vacantes na plantilla de persoal laboral do Concello de Meis ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CUARTO.— A Base 9ª da convocatoria fai referencia a que desde a comunicación aos interesados, haberá un prazo de 20 días naturais para presentar documentación. Por tratarse de persoas que xa están contratadas polo Concello de Meis, non será preciso que presenten a documentación que figura na citada base.



Mércores, 10 de xaneiro de 2024

Núm. 7

QUINTO.— Publicar o contido desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (<https://meis.sedelectronica.gal>) e, de maneira complementaria, na páxina Web.

SEXTO.— Dar conta da presente resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉPTIMO.— Notifíquese/Publicúese o presente acto que pon fin á vía administrativa, contra o que se poderá interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 52.1 da Lei 7/85 do 2 de abril de bases de réxime local, 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes para contar desde o seguinte á súa notificación/publicación, ante o mesmo órgano que ditou o acto.

Se non estima oportuna a interposición do recurso potestativo de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados na mesma forma perante o xulgado do contencioso-administrativo de Pontevedra, conforme o sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.”

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:97XKZG6VDZXK82RO

